

## CANDO O MUNDO REMATE, SEGUIREITE AMANDO



Esta é a unidade didáctica sobre a película *Cando o mundo remate, seguireite amando*. Está realizada co obxectivo de que o profesorado despois de ver a película poida traballar algo dela na clase. O profesorado, en función da diversidade do alumnado, poderá crer necesaria a reformulación dalgunhas das preguntas, así como a eliminación ou o engadido doutras que pensen que poidan ser de utilidade para o seu alumnado.

Gustaríanos coñecer as modificacións que se fagan, xa que isto pode sernos de utilidade para a elaboración de próximas unidades. Podedes enviar esas modificacións a [ofi.normalizacion@vigo.org](mailto:ofi.normalizacion@vigo.org)

Grazas.

## **Resumo da película**

Natalia e Hugo son unha parella de artistas. Ela é unha pintora de éxito e el é un escritor en plena crise creativa. As súas relacións non van ben e terminan por separarse, pero Natalia segue profundamente namorada e está disposta a facer o que sexa para volver xunto a Hugo.

## PREGUNTAS SOBRE A PELÍCULA

(Para responder algunhas destas preguntas sería conveniente que o alumnado visitase a biblioteca e manexase algunha enciclopedia ou outros materiais de consulta cos que conte o centro e que asistise tamén á sala de ordenadores para facer buscas na rede guiadas polo profesor.)

- 1.** Presenta e analiza os personaxes principais e secundarios. Explica a relación que hai entre eles e os motivos que levan a protagonista a unha situación de tolemia.
- 2.** O filme amosa unha historia de obsesións produto da manifesta baixa autoestima dun dos protagonistas, Hugo, que o leva a illarse no seu mundo interior e desafogar as súas miserias na súa parella, Natalia.
- 3.** A protagonista do filme, Natalia, amósase totalmete cegada polo amor, o que a leva a tomar todo tipo de medidas, mesmo as máis extravagantes, para poder ver correspondido ese amor. Pensas que a situación de dependencia cega que se narra na película é crible?
- 4.** Con moita frecuencia vemos e lemos nas novas de sucesos situacións de violencia física nas parellas, nas que a muller pasa anos intentando ocultar as vexacións e sufrindo en silencio esa situación. Por que cres que se pode chegar a esta situación de ocultamento? Que pode estar pasando pola mente dunha persoa nunha situación así?
- 5.** Ás veces as situacións de violencia nas parellas non son tan evidentes. Pensas que a violencia de xénero pode chegar a ser exercida sen violencia física?

**6.** Todos os días escoitamos tópicos de xénero na rúa. Cal cres que é a orixe destes tópicos? Por que se manteñen? Enumera os que creas máis comúns e intenta contrastalos con feitos reais. Por exemplo: «As mulleres son malas condutoras», e está contrastado polas estatísticas que esta afirmación non é certa.

**7.** Nun momento concreto da película Amanda, a irmá de Natalia, pregúntalle a Hugo por ela utilizando un adverbio interrogativo. Lémbreste? Sabes como se constrúen as oracións que van encabezadas por este adverbio?

**8.** Na película recítanse estes versos:

Amor que pode ser eterno  
e pode ser fugaz

Amor que quere liberarse  
para voltar a amar

A que autor latinoamericano pertencen? Investiga acerca da súa vida, obra e a corrente literaria na que se circunscribe esta.

**9.** Na película tamén se fai referencia a outros tres autores en lingua castelá. Un arxentino, outro uruguaio e o último español. Investígaos coa axuda dos teus mestres.

**10.** Federico García Lorca é considerado o máis representativo poeta da Xeneración do 27. Mais, sabes se escribiu noutra lingua distinta do castelán? Investiga sobre os motivos que o levaron a empregar na súa obra e a interesarse por unha lingua totalmente descoñecida para el.

## RESPOSTAS ÁS PREGUNTAS SOBRE A PELÍCULA

**7.** Resposta: U-la miña irmá?

**8.** Pablo Neruda (1904–1973). Poeta chileno vangardista, considerado un dos máis representativos e influentes do século xx. Foi tamén un destacado activista político de esquerdas.

**9.** Julio Cortázar, Mario Benedetti e Federico García Lorca.

**10.** En 1935 Lorca escribiu unha serie de seis poemas en galego, inéditos ata os anos noventa do século pasado.